


ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

PLENO 29-4-09



5º.- DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, ENSINO E DEPORTE, RELATIVA Á PROPOSTA DO CONCELLEIRO DD. DE EDUCACIÓN E CULTURA, S/ NOMEAMENTO DE D. CARLOS VARELA GARCÍA COMO FILLO ADOPTIVO DE CANGAS.

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Ensino e Deporte de data 23.04.09.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do Concelleiro de Cultura e Educación de data 23.04.09, relativa ó nomeamento de D. Carlos Varela García, como fillo adoptivo de Cangas, que é como segue:

“PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE D. CARLOS VARELA GARCÍA COMO FILLO ADOPTIVO DE CANGAS.

Don Carlos Varela García, Fiscal Superior de Galicia, e veciño do Concello de Cangas, é un dos rexos esteos do movemento galeguizador da Xustiza. Desde o ano 1983 vén traballando arreo nesa dirección. A produción documental xerada pola súa actividade xurisdiccional é estensísima e para os anais da historiografía da lingua galega enche andeis dos arquivos da institución xudicial, reparando deste xeito a secular marxinación da nosa lingua. O seu labor e exemplo dignificou a lingua galega e

combateu os complexos lingüísticos tan chantados nas mentalidades dos xustizables e axentes xudiciais.


Ten Don Carlos Varela García o mérito de ter sido o primeiro Fiscal Superior dunha institución xudicial que foi galeguizada e modernizada, despois de séculos arrastrando a remora da antigalegüidade e da obsolescencia. Grazas ao seu labor imaxinativo e de comunicación con tódolos sectores da sociedades galega, a Fiscalía Superior de Galicia é hoxe unha institución aberta e dinámica, cooperadora coas instancias autonómicas. As actividades da Fiscalía Superior de Galicia recóllense nas Memorias Anuais publicadas por esta institución xudicial, e que se son presentadas en sede parlamentaria. Nelas pódese observar migalleiramente iniciativas para afrontar os problemas da seguridade vial, sinistralidade laboral, incendios forestais, protección do menor e das mulleres maltratadas, ou da negociación colectiva, por citar algunhas. Esta actividade non ten precedentes na Fiscalía Superior ata que Don Carlos Varela toma o temón da mesma e lle imprime un novo rumbo.

Pero o labor galeguizador de Don Carlos Várela García vén de vello desde no ano 1983, cando recen chegado a Vigo comeza a desenvolver a súa actividade profesional en lingua galega; podendo dicir que os seus escritos de cualificación fiscal cóntanse por dúcias de milleiros, incorporando aos anais da historiografía galega unha produción documental densa que vén paliar os séculos escuros, nos que a lingua galega foi proscrita do procedemento xurídico. Por este motivo recibiu o actual Fiscal Superior de Galicia recoñecementos meritorios. O máximo recoñecemento foi, sen dúbida, o seu ascenso a Fiscal Superior, no concurso convocado para cubrir a praza vacante, hai agora catro anos. Precisamente na toma de posesión no Pazo de Xustiza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o Fiscal Xeral do Estado, Don Cándido Conde Pompidó, gabou publicamente a Don Carlos pola súa traxectoria a prol do uso da lingua galega, consideran o seu nomeamente "unha oportunidade para a autonomía galega e para unha institución que durante séculos lle negou á nosa cultura o pan e o sal".

Mais a súa incensante actividade galeguista ten outros fitos. Membro da Unión Progresista de Fiscais foi o encargado de celebrar en Galicia tres congresos estatais desta asociación profesional, nos que se debateron relatorios transcendentais para a modificación legislativa e a aplicación do alcance da cooficialidade lingüística no ámbito xudicial.

Participou en congresos internacionais con propostas novidasas, e desde a súa creación formou parte da sección xurídica da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística -Irmandade Xurídica Galega-, entidade que promoveu iniciativas que lle deron impulso á lingua galega nos usos xurídicos, e que organizou a profesionais da xudicatura e do Dereito nun movemento que arestora dinamiza o proceso de normalización lingüística.

Desde moi novo don Carlos Várela García participou no activismo cultural de xeito ininterrompido. E este activismo manifestase na participación en colectivos como a Fundación Premios da Crítica Galicia, Asociación de Amigos do Couto Mixto, Asociación Alvaro das Casas, Fundacións Lois Peña Novo... todas elas volcadas no obxectivo nobre e transparente de galeguizar Galicia.



ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Por todo o anteriormente exposto, PROPOÑO

Que desde o Concello de Cangas, ao que distingue desde hai anos coa súa veciñanza, honremos a súa traxectoria e o distingamos co título honorífico de FILLÓ ADOPTIVO DE CANGAS, nunha xornada que se organizará e se desenvolverá nunha data próxima, despois do día das Letras Galegas.”

Intervencións:

Sr. Pazos Varela: en consecuencia coas próximas datas, de celebración das letras galegas, tráese esta proposta, trátase dunha figura importante, non de Cangas, pero si residente, é o Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tanto polo seu mérito comomembro da xudicatura como pola súa defensa do noso idioma, ademais nun eido tan pouco permeable á lingua galega. Gustaríalle que o acordo fose por unanimidade, haberá unha recepción e diversos actos para dar forma a este nomeamento.

Sr. Sotelo Villar: seguro que ten méritos sobrados para este recoñecemento e outros, aínda que non comparte como mérito o que sinala na exposición de motivos da proposta de acordo sobre a súa pertenza á Unión Progresista de Fiscais. Penso que hai un mecanismo administrativo legal, hai que instruír un expediente, pero apoiamos a proposta e agradece que previamente a levalo á comisión tentou contactar co noso grupo.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada relativa ó Nomeamento de D. Carlos Varela García como fillo adoptivo de Cangas.